

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 5-2024, por un importe total de 24.071,96 €, dentro do vixente orzamento municipal 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, según pon de manifesto a adxunta do Servizo de Enxeñería, Marta Carballal Neira, coa conformidade da Tenenta de Alcaldesa da Área de Cohesión Social e Territorial, Ana María González Abelleira, con data 12.02.2024, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/144, de data 15.02.2024, así como o RCMOD núm: 2024/8600, por importe de 24.071,96 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 24.071,96 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	24.071,96 €	45910.60900	24XX00035	24.071,96 €

Intervención

MVF/lrb

Refª: ispac6165827700556989596.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 5-2024 Aportac. mun. Plan Feader- PDR

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	24.071,96 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		24.071,96 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.